

MOCIÓN para que se coloquen "lomos de asno" nos principais accesos a Carballo, coincidentes co inicio da limitación a 30 Km/ h.

O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia PSdeG - PSOE, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É habitual ver o turismo da DGT operado pola policía local de Carballo nos principais accesos á localidade.

Entendemos que esta medida está destinada a garantir o cumprimento das limitacións de velocidade nas zonas máis sensibles a este respecto, pois a miúdo o automobilista pola propia inercia da condución, non reduce de forma adecuada a súa velocidade para adaptala ás novas circunstancias que lle presenta a vía.

Con todo, dende este grupo municipal entendemos que esta medida non debe de ser a primordial senón unha complementaria a outras máis eficientes.


Recentemente no Pleno debateuse a conveniencia dos bolardos en determinadas rúas en comparación coa instalación dun sistema de control de cámaras e a supresión dos mesmos. Nesa ocasión o concelleiro de mobilidade moi acertadamente, ao noso parecer, manifestou que a barreira física que supoñen devanditos bolardos é necesaria pois prima máis a seguridade das persoas que non a acción sancionadora da Administración.

De acordo con esa filosofía, que nós compartimos, cremos que se deberían de adoptar outras medidas "físicas" para garantir a seguridade dos accesos ao centro urbano máis aló dos controis de velocidade.

A medida que se está mostrando máis eficiente nas grandes e medianas urbes está a resultar ser a implantación dos denominados "lomos de asno", moito máis eficaces como pacificadores do tráfico que os denominados coxíns berlineses, que ademais de non resultar eficaces cos vehículos de maior distancia das rodas do mesmo eixo, resultan perigosos para os motoristas.

Por todo o antes exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta para a súa aprobación polo Pleno, a adopción os seguintes acordos:

1. Que se coloquen "lomos de asno" nos principais accesos a Carballo, coincidentes co inicio da limitación a 30 Km/ h.
2. Que polo menos se coloquen nos seguintes accesos: Rúa Vázquez de Parga, Av. de Razo, Av. de Malpica, Av de Fisterra, Rúa Compostela, e Rúa Verdillo.



Carballo a 07 de xullo do 2021.
María Carmen Vila Blanco.
Voceira Grupo Municipal Socialista.

Sr. ALCALDE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL